



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

ANUNCIO BOLSA DE EMPREGO AUXILIAR ADMINISTRATIVO PUNTUACIÓN CONCURSO

O Tribunal cualificador, en aplicación do disposto na Base 15ª das Bases reguladoras do proceso selectivo para a configuración dunha bolsa de emprego no Concello de A Illa de Arousa, e antes de proceder á valoración individualizada de cada aspirante acordou por unanimidade dos seus membros:

1.- En relación ca valoración da experiencia profesional, se sumarán os anos, meses e días traballados, tendo en conta que cada mes ten trinta días e cada ano trescentos sesenta e cinco días, atribuíndo a puntuación establecida en cada apartado por cada ano traballado ou fracción que acade como mínimo os seis meses.

A experiencia profesional e bolsas de práctica laboral na Administración Pública deberá acreditarse mediante unha certificación, expedida pola Administración pública na que se prestou servizo, na que se faga constar o posto de traballo que ocupou, grupo de clasificación, as tarefas realizadas e o cómputo total de días, meses ou anos traballados. Non se terán en conta as fotocopias de contratos de traballo nin a vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. A experiencia profesional no sector privado acreditarase mediante a presentación da copia ou fotocopia do contrato de traballo e informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, acompañada dunha certificación das tarefas realizadas expedida pola persoa ou entidade empregadora.

2.- En relación cos cursos realizados, computarase a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e da Administración Local, universidades, colexios oficiais ou escolas de Administración Pública directamente relacionados co posto ó que se opta (incluídos os organizados polos sindicatos no marco do acordo nacional de formación continua). A acreditación da formación realizarase mediante achega de copia cotexada do curso ou certificado do mesmo onde conste a entidade convocante, denominación do curso e o número de horas.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso nin os cursos cunha duración inferior a 10 horas. Tampouco as accións formativas impartidas por entidades privadas nin as xornadas, seminarios, coloquios, charlas ou similares.

3.- En canto á titulación, todas as titulacións deberán estar expedidas por centros ou entidades homologadas oficialmente. Non se terá en conta a titulación esixida para o posto. A valoración dun título superior exclúe a do inferior. Así mesmo, neste apartado só se terán en conta os títulos académicos directamente relacionados co posto de traballo convocado.

4.- No que atinxe ás probos selectivas superadas, só se puntuarán as probas selectivas superadas cunha anterioridade non superior a cinco anos á data de publicación da convocatoria, polo que a certificación deberá acreditar esta circunstancia. Ademais, só se computarán os exercicios e prácticos que estean relacionados co posto de traballo ofertado. Finalmente se puntuarán os procesos ou probas superadas para o acceso a prazas de funcionarios de carreira e laborais, se ben neste último caso só se terán en conta cando se trate de prazas fixas.

5.- Dado que nas bases reguladoras da convocatoria, en sede de data a ter en conta para a valoración dos méritos, unicamente figura a da publicación da convocatoria no que atinxe á puntuación das probas selectivas, se acorda ter en conta esta para a valoración de todos os méritos. A citada data é a do 29 de setembro de 2017.





Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P8600004I
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

O resultado é o seguinte:

Apelidos e nome	DNI	A) Exp. profesional	B) Cursos	C) Méritos académicos	D) Superación probas selectivas	Puntuación final
Alejandro Iglesias, María Susana	35.456.985-R	3,60	1,10	1,00	0,60	6,30
Allegue Toscano, Gonzalo	53.172.859-X	0,00	0,00	1,00	0,00	1,00
Campos Rivas, Laura	76.996.573-W	2,40	2,00	0,70	0,50	5,60
Carballa Muñiz, Isabel	76.821.359-W	0,06	0,40	0,50	0,00	0,96
Carbia Blanco, Martín	44.089.630-X	2,00	2,00	1,00	0,50	5,50
Dopico Díos, Tamara	35.462.733-E	1,00	0,60	0,50	0,00	2,10
Feijoó Fariña, Segundo	77.405.401-M	0,00	0,00	0,30	0,00	0,30
Fernández Bouzas, María	44.493.145-J	0,00	0,40	0,30	0,00	0,70
Gregorio Taboada, Pablo	36.142.599-P	0,24	0,70	1,00	0,00	1,94
Iglesias Loureiro, María Teresa	77.408.248-T	1,00	0,00	0,50	0,00	1,50
Lorenzo Núñez, María Jesús	36.054.381-H	4,00	2,00	0,70	0,00	6,70
Martínez Diz, Ana María	35.462.496-S	1,40	0,30	1,00	0,00	2,70
Medraño Porto, Araceli	52.492.800-S	0,00	1,50	0,70	0,00	2,20
Munaiz Alonso, Mercedes	76.927.286-Z	1,20	0,30	1,00	0,00	2,50
Padín Torres, José	35.305.454-V	0,40	1,10	0,30	1,00	2,80
Pinal Moreira, Elvira	32.752.446-D	0,90	2,00	0,30	0,00	3,20
Rodríguez Cruz, Karima	77.003.089-D	0,44	0,40	0,70	0,00	1,54
Ruda López, Manuel	46.792.216-G	0,00	0,00	0,70	0,00	0,70
Silva Fernández, Alejandra	53.189.297-A	0,24	0,50	0,70	0,50	1,94
Táboas Vázquez, María Ester	36.088.865-W	1,00	1,60	1,00	0,00	3,60
Villar Pombo, Jacobo	35.483.098-D	1,66	0,00	0,70	0,00	2,36

En cumprimento do disposto na Base 19ª das Bases reguladoras do proceso selectivo, contra esta valoración os/as interesados/as poderán formular alegacións ante o tribunal no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da devandita publicación.

As reclamacións poderán presentarse presencialmente na Casa do Concello, por fax (986528700) ou correo electrónico (concello@ailladearousa.es). No caso de presentarse por calquera outro medio, a través das formas establecidas no artigo 16.4 da LPACAP, deberá remitirse copia íntegra das mesmas (vía fax ou correo electrónico) con anterioridade ó remate do prazo de 5 días hábiles sinalado.

En A Illa de Arousa, a 22 de maio de 2018

